

Expediente	2024062312
Asunto	Solicitud de acceso a información pública
Trámite	Resolución presidencial de denegación de acceso a información pública

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Con data 09/09/2024 foi recibida a través da presentación dunha instancia xenérica na oficina de asistencia en materia de rexistros da Deputación en Pontevedra a solicitude de *****
***** , con CSV : ***** , co seguinte alcance:

"Pola presente, expoño:

*Primeiro.- en data de 09/06/2023 publicábase a convocatoria de varios procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no cadro de persoal funcionario da deputación de Pontevedra, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021, 2022 e 2023 (cl2023m), con código seguro de verificación ***** , validable en <https://sede.depo.gal> . entre outros procesos, figuraba o de tres prazas de administrativa/o, rama tributaria, integradas no grupo C1 da escala de administración xeral, con sistema de selección de oposición libre. entre os exercicios da oposición figuraban, entre outros, os seguintes:*

*•segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio. consistirá en desenvolver por escrito dous temas, que serán extraídos ao azar polo tribunal, un de cada unha das partes específicas do programa, no tempo máximo de dúas horas. posteriormente, o tribunal convocará as persoas aspirantes para a súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal. á vista do anuncio publicado en data de 01/02/2024 na url <https://sede.depo.gal/web/public/employment/employment-public-examination.xhtml?idprocedure=141058901&idoposicion=141238133> con código seguro de verificación ***** , validable en <https://sede.depo.gal>, as mellores cualificacións foron as de ***** e ***** .*

*•terceiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio. consistirá en resolver un suposto práctico relacionado coas materias específicas contidas no programa, no tempo que marque o tribunal. posteriormente, o tribunal convocará as persoas aspirantes para a súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal. á vista do anuncio publicado en data de 08/02/2024 na url <https://sede.depo.gal/web/public/employment/employment-publicexamination.xhtml?idprocedure=141058901&idoposicion=141238133> con código seguro de verificación ***** , validable en <https://sede.depo.gal>, as mellores cualificacións foron as de ***** e ***** .*

*Segundo.- conforme o establecido no artigo 13 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar ante as administracións públicas, son titulares, nas súas relacións con elas, de, entre outros dereitos, ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo con o previsto na lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico. na mesma liña, o artigo 12 da mencionada lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre o dereito de acceso á información pública, establece que "todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da constitución española, desenvolto por esta lei." por todo lo anterior, se solicita: - acceso a copia electrónica das resolucións dos segundos exercicios de ***** e ***** e dos terceiros exercicios de ***** e ***** "*

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) no seu artigo 12 establece que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, recoñecendo así a titularidade do dereito de acceso a "todas as persoas" en termos similares aos expresados no citado artigo 105.b) da CE, que recoñece a "os cidadáns" o acceso aos arquivos e rexistros administrativos.

Pola súa banda, a información pública, é definida no artigo 13 da mesma norma, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións". Por tanto, a Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque a elaborou este ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas.

Analizando o elemento subxectivo da solicitude resulta relevante precisar, con carácter previo, que a documentación cuxo acceso se solicita vai referida ao proceso selectivo (CL2023M) xa finalizado, polo que ao respecto da aplicación da LTAIBG non resulta determinante que o solicitante ostente a condición de interesado nos mesmos pois dita condición unicamente implica o desprazamento da LTAIBG cando concorre cumulativamente coa existencia dun procedemento en curso, tal e como ven establecendo de xeito reiterado o Consello de Transparencia e Bo Goberno nas súas resolucións (p.ex. RT CTBG 2023-0104).

Entrando no ámbito obxectivo da petición do interesado, esta ven referida ao acceso á copia electrónica dos seguintes documentos:

- Resolucións dos segundos exercicios de ***** e *****

- Resolucións dos terceiros exercicios de ***** e *****

Entrando a analizar o dereito de acceso á información solicitada cómpre indicar que a normativa de aplicación consagra a prevalencia do dereito subxectivo a obter a información e correlativamente o deber de entregala, salvo que concorran causas xustificadas que limiten tal dereito, ás que se refiren os artigos 14 e 15 da LTAIBG, así como polos supostos de inadmisión do artigo 18 LTAIBG. Tales causas constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito.

En relación á documentación solicitada, cabe recordar que o dereito do que son titulares todas as persoas e que poden exercitar sen necesidade de motivación regulado na LTAIBG, pode verse limitado naqueles casos en que así o esixa a natureza da información pola entrada en conflito con outros dereitos protexidos, sinalando a doutrina que os límites deben aplicarse atendendo a un exame do interese que se salvagarda co límite de acceso e o interese público na divulgación da información atendendo a un criterio de proporcionalidade.

Así, en referencia aos documentos solicitados neste punto, se ben o criterio xeral da AEPD é que a normativa de protección de datos non se aplica á información anónima, é dicir información que non garda relación cunha persoa física identificada ou identificable, nin aos datos convertidos en anónimos de forma que o interesado non sexa identificable, ou deixe de selo, debe terse en conta que non sempre é posible levar a cabo un proceso de anonimización de forma satisfactoria, debendo valorarse se persiste unha probabilidade de reidentificación dos individuos en función do contexto ou a natureza de los datos.

Neste senso, o acceso aos elementos de valoración nun procedemento de concorrencia competitiva é moi probable que permita coñecer información susceptible de ser calificada como dato de carácter persoal, pois incluso indirectamente pode haber elementos que permiten a singularización do seu titular; no sentido de illar ou diferenciar determinada información duns participantes de outros.

Tendo en conta que as calificacións dos diferentes exercicios foron obxecto da preceptiva publicación na sede da Deputación de Pontevedra e que se solicitan os exames correspondentes as dúas mellores notas resultaría sinxelo identificar aos seus autores polo que neste caso, e en consonancia co criterio da AEPD a anonimización dos documentos non tería ningún efecto real.

Ademais é pertinente sinalar que sendo a documentación solicitada manuscrita, tamén sería posible relacionar a caligrafía co seu autor, véndose comprometido de novo o dereito á protección de datos de carácter persoal xa que a caligrafía, tal e como recolle o Grupo de Traballo do Artigo 29 no seu Ditame 4/2007 sobre o concepto de datos persoais, pode ser considerada un dato biométrico. No citado ditame establécese que *os datos biométricos poden definirse como propiedades biolóxicas, características fisiolóxicas, rasgos da personalidade ou tics, que son, ao mesmo tempo, atribuíbles a unha soa persoa e mensurables, incluso se os modelos utilizados na práctica para medilos tecnicamente implican un certo grao de probabilidade. Exemplos típicos de datos biométricos son os que proporcionan as pegadas dactilares, os modelos retiniais, a estrutura facial, as voces, pero tamén la xeometría da man, las estructuras venosas e incluso determinada habilidade profundamente arraigada ou outra característica do comportamento (como a caligrafía, as pulsacións, unha maneira particular de camiñar ou de falar, etc.).*

Unha vez realizada por esta Unidade a debida ponderación entre o interese público na divulgación e os dereitos dos afectados de acordo coa normativa de aplicación en materia de transparencia e protección de datos (artigo 15.3 LTAIBG), apreciase que as circunstancias sinaladas xustifican a limitación do dereito de acceso en favor da reserva de datos e a aplicación dos límites de acceso de forma xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección.

Con todo, considérase oportuno sinalar que o interesado sinala no seu escrito como motivo da solicitude *"a autopreparación por parte de este solicitante de futuras convocatorias de oposicións similares"*, sendo a denegación do acceso nos supostos de invocación dun interese estritamente particular un criterio confirmado polos tribunais de xustiza. Así, podemos citar a Sentencia en Apelación nº34/2019, da Audiencia Nacional, de 10 de decembro de 2019, argumenta o seguinte: *"(...) si bien la Ley no exige que el solicitante de información razone el porqué de la solicitud, los motivos por los que la solicita podrán ser tenidos en cuenta al momento de dictarse la resolución. (...) Como ya señaló la Sala en Sentencia de 30 de mayo de 2019, dictada en el recurso de apelación 1/2019,.....una solicitud de información de estas características, por su volumen, extensión, período de tiempo, identificación y medios para instrumentar la petición, además de ocasionar una disfunción manifiesta, no deja de ser un desiderátum no acorde con el espíritu y finalidad de la normativa de transparencia. Una solicitud de estas características no deja de ser una instrumentación de la normativa de transparencia con una finalidad -cierto es, ya se ha dicho, que la ley no exige motivación, aunque sí puede tenerse en cuenta- que, repetimos, en criterio de la Sala no se acomoda al espíritu y finalidad de la norma, más allá, desde luego, de intereses puramente particulares."*

No caso concreto dos procesos selectivos, tamén existen sentencias moi recentes que determinan que non é correcto acceder aos seus documentos ao amparo de la LTAIBG. Neste

sentido se pronuncia a Sentencia de data 5 de decembro de 2019, do Xulgado Central nº 5 de Madrid, sobre acceso ás probas de resultados, as plantillas de resultados e os casos prácticos, que se pronuncia nestes términos: *"Carece de toda justificación la pretensión del reclamante a tenor no solo de lo dicho en orden a la finalidad de la Ley, sino de la norma constitucional y del resto del ordenamiento jurídico. El hecho de poder contar con los exámenes, enunciados y resultados de las distintas pruebas de acceso a las especialidades indicadas, nada tiene que ver con el objeto y fin de transparencia que promulga la norma. (...) La convocatoria prevé el derecho de revisión de exámenes, existiendo con ello la posibilidad de que los aspirantes no solo puedan consultarlos, sino también, que puedan comprobar todas las preguntas y respuestas, realizando al órgano de selección cuantos comentarios, alegaciones o impugnaciones tengan por convenientes, más aún cuando se publican la plantilla de respuestas correspondientes. (...) En suma, no estamos ante información susceptible de ser concedida al exceder de la finalidad de la propia norma invocada; y en cualquier caso, prevalece el superior interés público, al privado del reclamante."*

Esta consideración é a adoptada pola AEPD, que ten publicado como criterio xeral en materia de acceso á documentación do resto de candidatos dun proceso selectivo que: "no podrán utilizar los datos a que tengan acceso para una finalidad distinta a aquélla de la defensa de su derecho en el procedimiento de que se trate o posteriormente en vía judicial. De este modo la utilización para otras finalidades, su comunicación a terceros o su divulgación pueden ser constitutivas de una infracción a lo previsto en la LOPD".

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación, e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2024005761, do 10 de xullo de 2024, de delegación das atribucións da Presidencia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- DENEGAR o acceso a ***** á información solicitada en base ao establecido nos artigos 15.3 e 18.1 e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Firmado por: JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA - ***4916**
Cargo: Deputado delegado
Data: 01/10/2024 16:37

Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Comisión de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Firmado por: LUIS FELIJO GARCÍA - ***1268**
Cargo: Aseor xurídico de Administración Electrónica Transparencia e Protección de Datos
Data: 01/10/2024 12:47

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 02/10/2024 09:25
Número Resolución RP2024007690